



FOLLA DE IDENTIFICACIÓN DA PROBA ESCRITA

Lugar da proba:	
Data:	Nivel: CELGA 2 LF

DATOS DA PERSOA CANDIDATA:

Apelidos e nome:
DNI / NIE / Pasaporte:
Nacionalidade:
Data de nacemento: ___ / ___ / _____
Sexo: <input type="checkbox"/> Home <input type="checkbox"/> Muller
Lugar de nacemento: <input type="checkbox"/> Galicia <input type="checkbox"/> Outras comunidades de España <input type="checkbox"/> Europa <input type="checkbox"/> América <input type="checkbox"/> África <input type="checkbox"/> Asia <input type="checkbox"/> Oceanía
Lugar de residencia: <input type="checkbox"/> Cidade <input type="checkbox"/> Vila <input type="checkbox"/> Aldea
Tipo de estudos cursados: <input type="checkbox"/> Universitarios <input type="checkbox"/> Secundarios <input type="checkbox"/> Primarios <input type="checkbox"/> Sen estudos

Estes datos serán totalmente confidenciais.

INSTRUCCIÓN PARA A PERSOA CANDIDATA:

- Le con calma estas instrucións antes de responder.
- Usa bolígrafo negro ou azul.
- Non se permite usar material de apoio.
- Contesta ao que che preguntan.
- Escribe o número de palabras que che piden. Quítanse puntos se escribes menos palabras ou se escribes moitas de máis.
- Só se entrega un caderno de exame.
- Usa as letras maiúsculas e as minúsculas segundo corresponda.
- Non poñas o teu nome real no texto da proba. Non marques o exame con ningún sinal. Non uses líquido ou cinta correctora.
- Ao final da proba, entrega todas as follas de borrador que teñas. Non contan para a nota.
- **Se incumpres estas normas, o teu exame poderase anular ou puntuar negativamente.**



2023220228

Celga



Certificado
Lingua
Galega

2



XUNTA
DE GALICIA

SECRETARÍA XERAL
DE POLÍTICA
LINGÜÍSTICA

C2-A-II-23-LF

Proba A1

Un familiar teu acaba de xubilarse.

Ti e mais o teu familiar queredes facer unha viaxe xuntos para celebralo.

Despois de ver un vídeo sobre o tren, paréceche boa idea viaxar en tren por Galicia e Portugal.

Despois de ver este vídeo, escríbeslle unha **mensaxe electrónica** ao teu familiar.

Escribe un **texto**, de **160 a 200 palabras**, no que debes:

- Saudar o teu familiar e felicitalo pola súa xubilación.
- Explicarlle ao teu familiar por que é mellor facer a viaxe en tren que noutro medio de transporte.
- Propoñerlle ao teu familiar ir no tren Celta ata O Porto.
- Contarlle como eran antes as viaxes en tren entre Galicia e Portugal.
- Dicirlle que actividades podedes facer xuntos ao chegar ao Porto.
- Despedirte do teu familiar.



NON ESCRIBAS NESTA PÁXINA
COMEZA NA SEGUINTE



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1

De:

Para:

Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A1



Proba A2

Ti recibes unha mensaxe dun amigo teu.

O teu amigo está preocupado por todos os gastos da casa.

O teu amigo pídeche consellos para poder aforrar no novo ano.

Acabas de ler un texto no que hai consellos para poder aforrar nos gastos da casa.

Escríbelle unha **mensaxe electrónica** ao teu amigo.

Escrebe un **texto**, de **160** a **200 palabras**, no que debes:

- Saudar o teu amigo.
- Darlle ánimos ao teu amigo polos problemas de cartos que ten.
- Darlle algúns consellos para gastar menos e aforrar cartos.
- Explicarlle as causas polas que o diñeiro para os gastos da casa non é suficiente.
- Darlle ao teu amigo algún consello que ti puxeches en práctica para aforrar nos gastos da casa.
- Despedirte do teu amigo.

Consellos para poder aforrar no comezo do novo ano



Xaneiro é un mes duro polo mal tempo.

O mes de xaneiro tamén é duro polos gastos que imos acumulando. Gastamos máis diñeiro na cesta da compra, no alugueiro, na hipoteca.

Gastamos máis diñeiro na luz, no gas, na factura do teléfono e tamén nas actividades extraescolares.

Con tantos gastos, debemos facer un bo presuposto familiar para aforrar tamén en dores de cabeza e preocupacións.

A continuación veremos como podemos aforrar:

- **Controlar o gasto de luz e de calefacción**

Cando vai frío é difícil baixar graos de temperatura na casa.

Debemos abrigarnos máis para gastar menos calefacción.

Podemos poñer a calefacción só para erguernos, vestirnos e para asearnos.

Cada familia debe mirar ben cando necesita poñer a calefacción.

Tamén debemos aproveitar os momentos nos que hai luz natural.



■ **Debemos secar a roupa ao sol e usar menos a secadora**

A secadora é moi cómoda porque nos axuda a secar a roupa, pero debemos poñela pouco porque subiu o prezo da luz.

Sempre é mellor usar un tendal e secar a roupa ao aire libre.

Se o necesitamos, podemos mercar unha secadora con programas que aforran en luz.

Podemos mercar lavadoras e secadoras que aforran case a metade do gasto en electricidade.

■ **Debemos revisar os gastos para ver cine e series na casa**

Debemos analizar se usamos Netflix, HBO, Amazon Prime e outras plataformas para ver películas, series e documentais.

Analizaremos cal delas vemos máis e darémonos de baixa nas outras.

■ **Vender o que non usamos para gañar diñeiro**

Nas casas temos moita roupa e outros obxectos que non usamos e que podemos vender por Internet para sacar diñeiro.

Tamén podemos cambiar con outras persoas a roupa ou cousas que non necesitamos por outras e así tampouco gastamos.

■ **Aproveitar as rebaixas e os descontos**

Hai datas que están marcadas no calendario como a do comezo das rebaixas.

As rebaixas de xaneiro e o Black Friday de novembro son algunhas delas.

O Black Friday ou venres negro inventouse nos Estados Unidos.

Serve para facer moitos descontos o último venres de novembro.


As organizacións de consumidores avisan de que hai falsas ofertas.

Debemos ter coidado con ofertas enganosas que só queren atraer a clientela, pero que son falsas.

Ás veces preséntannos produtos como rebaxados, pero que nunca estiveron á venda e isto é un engano.

A outros produtos cámbianlles o prezo na etiqueta orixinal e pónenlles un superior para que pareza maior o desconto.

Outro engano consiste en poñer letreiros nos que anuncian un desconto de máis da metade do prezo, pero só uns poucos produtos teñen un desconto tan alto.



Tamén debemos gardar ben o ticket por se precisamos facer algunha reclamación.

Texto adaptado da revista *Eroski Consumer*



ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2

De:

Para:

Asunto:

ESPAZO PARA ESCRIBIR A PROBA A2



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE REVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que revisa a proba (3ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE SUPERVISIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que supervisa a proba (2ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:



PROBA PARA A OBTENCIÓN DO CERTIFICADO DE LINGUA GALEGA CELGA

FOLLA DE AVALIACIÓN DA PROBA

Apelidos e nome ou código da persoa que avalía a proba (1ª corrección):

	Adecuación				Cohesión e coherencia				Gramática				Léxico				Cualificación	
	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	1	2	3	4	Apto/a	Non apto/a
A1																		
A2																		

Número de palabras proba A1:

Número de palabras proba A2:

Observacións:

